

## Aplicación das reformas municipais de Carlos III na cidade de Santiago de Compostela (1766-1788)

Profesor axudante de historia do dereito e das institucións. Universidade da Coruña

Eduardo Cebreiros Álvarez

### Introducción

Unificación e centralización constitúen os dous piares sobre os que se pretendeu asenta-lo municipio borbónico. Respecto do primeiro, a falta de uniformidade dos municipios peninsulares tratou de ser paliada, en certa medida, por Felipe V. Para isto promulgou unha serie de decretos<sup>1</sup> que provocaron a desaparición da organización municipal propia da Coroa de Aragón á vez que achegaran o réxime municipal aragonés ó modelo castelán.

Coa centralización pretendeuse elimina-la autonomía municipal. Felipe V utilizara as institucións do Superintendente e do Consejo Real para conseguir este fin. Tamén o control das facendas locais foi peza esencial para lograr este propósito.

Carlos III expuxo a necesidade de introducir reformas no municipio ó entrar en crise a perpetuidade dos oficios municipais, pagándolle os dereitos de reversión dos mesmos á Coroa,

pero o custo elevado e a escaseza de fondos impedírono. Os problemas políticos provocados polos motíns de 1766 obrigaron a non demorar máis os cambios.

O dobre campo cara ó que se dirixiron os esforzos do monarca foron o dun aumento de poderes ós corrixidores e alcaldes maiores e unha maior participación do pobo na elección de cargos municipais<sup>2</sup>. Así apareceron, mediante Auto acordado do 5 de maio de 1766<sup>3</sup>, as dúas novas institucións: deputados do común e «procurador síndico personero» do público. Con isto, os políticos ilustrados non só conseguían contenta-lo pobo senón que loxaban unha aspiración que sempre perseguira o poder central: controla-la Administración municipal. Para isto xurdira con anterioridade o corrixidor e a isto tamén, en teoría, virían a axuda-las novas figuras dos deputados do común e do «procurador síndico personero». Frea-lo enorme peso da oligarquía local a prol do centralismo, foi, polo tanto, un dos fins claros da política municipal de Carlos III. O obxecto desta comunicación é achegar algúns datos sobre a implantación dos novos oficiais no municipio santiagués, comproba-la súa posta en práctica efectiva e valora-la eficacia da loita contra a oligarquización<sup>4</sup>.

O Auto acordado, do 5 de maio de 1766 deu orixe, en tódolos pobos cun continxente humano de polo menos 2.000 veciños, á aparición de catro deputados nomeados polo pobo que actuarían xunto á xustiza e o rexemento<sup>5</sup>. No caso de que a poboación non chegase a eses 2.000 veciños, o número de elixidos sería de dous<sup>6</sup>.

O mesmo auto instituíu a figura dos deputados do común «para tratar y conferir en punto de abastos, examinar los pliegos ó propuestas que se hicieren, y establecer las demas reglas económicas tocantes á estos puntos, que pida el bien comun»<sup>7</sup>.

Do tema dos abastos, que foi, como vemos, o inicial centro de competencias dos novos oficios, irase avanzando progresivamente cara a un aumento de funcións que levará os deputados do común, ó final do noso período de estudio, a desempeñar importantes labores en tódolos temas municipais.

A Instrucción do 26 de xuño de 1766, primeira disposición que complementa o contido do auto, iniciou esta tendencia. O seu capítulo 13º determina que «también se admitirá a estos Diputados a las Juntas de pósito, y otras cualesquiera concernientes al abasto del pan... para que se actuen de la bondad del género, de la legalidad del precio, y de como se observa la Real Pragmática de 11 de Julio y provision acordada de 30 de Octubre de 1765»<sup>8</sup>.

Posteriormente, as tarefas estenderanse ó campo de propios e arbitrios<sup>9</sup>. As competencias de deputados do común e «sín-dico «personero» tanto en materia de propios e arbitrios como na de cotexo de medidas e xéneros discurreron por dúas fases ben distintas. Nun primeiro momento negáronselles facultades neses campos e posteriormente, nunha segunda etapa, se lles recoñeceron. Así, en agosto de 1766<sup>10</sup> quedáballes prohibida a actuación nos libros de propios. Sen embargo, o contido da Circular do Consello, do 12 de decembro de 1767<sup>11</sup> rectificou esta medida ó concederlles asento na Xunta de propios e arbitrios. O mesmo desenvolvemento se producirá en relación coas funcións de cotexo de medidas e xéneros, que o Real Consello lles prohibirá e que rectificará por Circular do 30 de abril de 1769<sup>12</sup> ó concederlles funcións xerais de almotacé. Ata o momento en que se promulga esta circular só podían instar e presencia-los cotexos e repesos. A partir dela podían mandalos facer<sup>13</sup>.

A Circular do Consello, do 10 de novembro de 1769 concedeulles voto ós deputados para a imposición de penas, suspensión, privación e nomeamento dos oficiais que manexan os bens comúns ou os abastos<sup>14</sup>. Máis tarde irán aparecendo funcións noutros campos, como en materia de quintas<sup>15</sup>.

A Instrucción do 26 de xuño de 1766 sinalaba que «no podrá recaer esta eleccion en ningun Regidor ni individuo del Ayuntamiento, ni en persona que esté en quarto grado de parentesco con los mismos; ni en lo que sea deudor al Comun; no pagando de contado lo que reste; ni en el que haya ejercido los dos años anteriores oficios de República hasta cumplir el hueco, para evitar parcialidad con el Ayuntamiento, ni otras personas»<sup>16</sup>.

Segundo se pon de manifesto no parágrafo anterior, o ser rexedor ou outro cargo do concello, o parentesco ata o cuarto grao con algún deles e o ser debedor da vila constituían os supostos de incompatibilidade da disposición. Ademais, establecíase a obrigatoriedade dun «oco» de dous anos desde a última vez que se ostentara o cargo de deputado ou «personero». Parece que tampouco podían estar á fronte destas institucións os titulares do Santo Oficio, os administradores de bulas ou colectores de subsidio e escusado, os arquiteiros con moito traballo, os boticarios, comerciantes, revendedores e tratantes de abastos<sup>17</sup>.

Respecto do tema do «oco» no cargo, a Resolución do 15 de novembro de 1767 aclarou que «... con solo un año de hueco puedan ser electos para cualesquier oficios de Justicia;»<sup>18</sup>, o que supuxo unha excepción ó caso xeral de dous anos.

Esta normativa xeral veuse complementada con diversas dis-



posicións. Así, a Real orde do 5 de febreiro de 1768 excluía do cargo os empregados de rendas reais<sup>19</sup> e a do 19 de febreiro de 1773 os matriculados de Mariña<sup>20</sup>. Unha Lei do 26 de agosto de 1769 sinalaba que os lectores e oíntes de universidade non podían ocupa-los cargos<sup>21</sup>, así como tampouco, segundo a Real cédula, do 4 de novembro de 1786, os empregados de correos. Tamén se excluírían os arquiteiros reais, comerciantes e tratantes de abastos en 1780<sup>22</sup>.

Seguindo o contido do auto, a duración do cargo era dun ano, pero a Real provisión, do 31 de xaneiro de 1769 aumentou o tempo de desempeño do cargo a dous anos. Para cumprila nova disposición estableceuse que desde 1770 permanecesen dous deputados do ano anterior e se cambiasen os outros dous onde se elixían catro e un onde había dous. A xustificación era clara para o lexislador: «de modo que los que queden de antiguos puedan, como enterados de los negocios y asuntos comunes, instruir en ellos a los que entren de nuevo...»<sup>23</sup>.

Polo que respecta ó «procurador síndico personero» do público, o capítulo 7º do Auto acordado, do 5 de maio de 1766 sinalaba que tiña: «... voz para pedir y proponer todo lo que convenga al Público generalmente, é intervenga en todos los actos que celebre el Ayuntamiento, y pida por su oficio lo que se le ofrezca al comun con método, orden y respeto...»<sup>24</sup>.

Tiña voz nas reunións do concello para pedi-lo que crese conveniente, pero non tiña voto. En Santiago parece que as opinións do «personero» se poñían por escrito. O Consistorio do 13 de xullo de 1785 reflicte esta práctica e así o puxeron de manifesto os deputados do común cando se discutía sobre se a concesión de foros era competencia da Xunta de propios e arbitrios ou do concello en pleno<sup>25</sup>.

## **1. Traslado e instalación das reformas municipais en Santiago**

En Santiago, as primeiras noticias sobre o Auto acordado, do 5 de maio de 1766, coñecéronse dous meses despois da súa entrada en vigor, en virtude dunha carta do intendente na que remitía o auto. A cidade acordou que os mordomos das parroquias nomeasen catro deputados<sup>26</sup>.

Como na maior parte das cidades, o auto presentou problemas e dúbidas en canto á súa aplicación. Así as expuxo a cidade cando aprobou comunicarlle ó Consello de Castela que en Santiago non se administraban os abastos senón que se lle enca-

bezaban ó mellor ofertante<sup>27</sup>. De aí que se promulgase, ós poucos meses da aparición do auto acordado, a Instrucción do 26 de xuño de 1766 sobre elección de deputados e «personero» do común, co fin de resolve-las dúbidas presentadas<sup>28</sup>.

O concello mostrouse remiso a acepta-las novas institucións de deputados do común e «síndico personero». En consecuencia, remitiulle á Audiencia do Reino de Galicia a Real orde, do 24 de novembro de 1761 sobre elección do procurador xeral -na que se establecía que non concorrese o pobo ás eleccións- e engadiu que non se lles podía dar preferencia ós deputados do común sobre o procurador xeral porque senón ninguén pretendería este último cargo<sup>29</sup>.

O Real Acordo, que se converteu no máximo expoñente da defensa das innovacións, evidenciou, mediante carta do seu secretario, que as preguntas ou dúbidas que a cidade tiña se podían resolver seguindo a instrucción e outras Ordes do Real Consello<sup>30</sup>. Malia as dificultades, as eleccións daríanlle paso á reforma dos cargos municipais.

## **2. Deputados do común**

En Santiago, parece que a instalación institucional dos novos oficios non presentou problemas, salvo un pequeno atraso. Seis meses despois da promulgación do Auto acordado, do 5 de maio de 1766, en novembro dese mesmo ano, déuselles posesión ós catro primeiros deputados, por ser Santiago cidade de máis de 2.000 veciños<sup>31</sup>.

Poucos días despois convocáranse por primeira vez a concello para tratar sobre o prezo do viño e «o seu recoñecemento»<sup>32</sup>.

Pasados algúns anos, en 1771, o Real Acordo pediulle por carta á cidade que informase sobre a formación de ordenanzas nas que se regularía a actuación dos novos oficios. O concello entendeu que non eran necesarias as ordenanzas porque na normativa específica de creación de deputados e «síndico personero» se sinalaba, de maneira clara, as competencias que lle correspondían a cada uno<sup>33</sup>.

### *a) Eleccións.*

As eleccións dos deputados do común e «personero síndico» desenvolvíanse en dúas fases. Nunha primeira, o pobo, dividido por parroquias, nomearía uns compromisarios, que xa, na segunda fase, se reunirían nas casas consistoriais para elixirlos novos cargos, presididos pola xustiza. De existir unha soa pa-

arroquia, escollería 24 compromisarios, e sería o número o de 12 para o feito de que houberse máis<sup>34</sup>.

En Santiago os veciños dividíronse en 10 parroquias, e os compromisarios xuntáronse no convento de San Agustín por non caber nas casas consistoriais<sup>35</sup>.

Podían participar nas votacións tódolos veciños seculares e contribuíntes, o que excluía os sacerdotes e relixiosos, os menores de idade e incapaces e os eivados. Estes últimos debido a non ter permanencia fixa nun lugar, xa que a veciñanza supoñía un ánimo de estabilidade.

Tódalas eleccións contarían coa presenza do escribán do concello e redactaríase o seu desenvolvemento nun libro creado para este efecto. A xustiza encargaríase de mante-la paz e a orde das votacións. Tralas mesmas, os elixidos deberían tomar posesión e asento e xura-lo cargo. Os gastos das eleccións de cada lugar debían de sufragarse cos fondos municipais e así se fixo en Santiago<sup>36</sup>.

Para a reelección no cargo era necesario o consenso, salvo que se establecese outra cosa. Ás veces, producíanse as reeleccións por circunstancias irregulares, debido á falta de votantes ou a conmocións xerais<sup>37</sup>.

Como é sabido, os estamentos privilexiados pretenderon copa-los novos cargos para seguir controlando tódolos resortes do poder do municipio. As pretendidas reformas podían supoñerlles unha perda de influencia e de mando xa que aparecían novas institucións cun claro matiz fiscalizador. Para isto recorreron, en moitos casos, á fraude nas eleccións como mellor maneira de logra-los seus propósitos<sup>38</sup>, o cal provocou tamén grandes conflitos xa que a oligarquía non sempre contou coa pasividade dos sectores sociais máis humildes. En último caso, loitaron para colocar nestes postos xente da súa confianza, pois era frecuente que os nobres rexeitasen un cargo por elección ó ser partidarios dos privilexios por nacemento.

Todo parece indicar que en Santiago tardaron en efectuarse as eleccións e por isto, baseándose no precepto que lles confería ás chancelerías e ás audiencias as facultades para facer cumprir-lo contido do auto acordado<sup>39</sup>, o Real Acordo envioulle carta ó concello santiagués para que procedese ás eleccións de deputados do común e que se remitise noticia de todo isto<sup>40</sup>.

A xustiza e mailo rexemento cumpriron co encargo e, trala convocatoria das eleccións en cada parroquia, ó mes seguinte da petición que realizou a Audiencia do Reino de Galicia, o alcalde máis antigo, Rafael Llorente e Oviedo, reuniuse cos comisarios electores na cátedra do convento de San Agustín, e elixiron os



catro primeiros deputados do común da cidade, D. Luis Vicente Pereira, D. Benito Gil, D. Gregorio de Robles e D. Juan de Villaverde. O día seguinte tomaron posesión dos seus cargos no concello<sup>41</sup>.

O Real Acordo seguiu remitindo diversas ordes para que Santiago se encargase de comunicarlles ós partidos omisos o deber de convocar estas eleccións. A cidade facía de ponte entre estes partidos e a Audiencia ó envía-las ordes para o seu efectivo cumprimento<sup>42</sup>.

*b) Competencias.*

As primeiras funcións dos deputados do común na cidade do Apóstolo encamiñáronse, como establecían as disposicións sinaladas ó principio, e ó igual que noutros moitos lugares, cara ó campo dos abastos<sup>43</sup>.

Participaron -xunto cos dous alcaldes eclesiásticos e co «personero» e cos rexedores- na formación de ordenanzas, que na súa maior parte ían dirixidas a fixa-los prezos dos alimentos<sup>44</sup>.

Tiveron actuacións encamiñadas á comprobación da calidade do viño: en Consistorio de novembro de 1767 acordouse que un rexedor, acompañado dos deputados do común, ademais do procurador xeral e «personero», «reconociesen los vinos»<sup>45</sup>. Mandouselles, en xaneiro de 1769, visita-las tabernas para examina-lo estado do viño e dos alimentos<sup>46</sup>. Ó ano seguinte queixáronse dos prexuízos que causaba a venda do viño catalán por ser de moi má calidade<sup>47</sup>.

Tamén o pan foi obxecto da súa atención. Presentaron unha representación, xunto co «personero», sobre a orde que se debía observar na fabricación do pan cocido que entregaba o arcebispo e o cabido. A cidade rexeitou a petición dos deputados, pois consideraba que non era posible vende-lo pan a unha soa hora, xa que este se facía a varias e a poboación era moi grande<sup>48</sup>. Ó mes seguinte reiteraron as súas queixas -sobre o repartimento do pan- perante o Real Acordo e sinalaron cómo foran separados da distribución e fábrica do pan segundo o contido do Consistorio do 20 de xaneiro e lles facían encargos que non lles competían<sup>49</sup>.

Era común que, habendo temas de diferente contido por tratar nas reunións, se realizase primeiro un consistorio para debata-la materia de abastos, ó que asistían os deputados do común, e logo outro no que se analizaba o resto de asuntos, onde xa non encontramos os deputados<sup>50</sup>.

O depósito e custodia do xeo e da neve, indispensables para a conservación dos alimentos, tamén foi obxecto de atención por parte dos deputados<sup>51</sup>.

En 1787 propuxeron unhas regras respecto do remate do abasto de carne, xa que o procedemento que se utilizaba ata ese momento presentaba moitos problemas, ó seren continuas as queixas da poboación<sup>52</sup>. O concello aceptou as condicións<sup>53</sup>.

En canto a propios e arbitrios, recibíuse carta de Miguel de Múzquiz, secretario de Estado e Despacho de Facenda, na que se indicaba que nin deputados nin «personeros» se debían de mesurar en temas de rendas reais<sup>54</sup>. Sen embargo, como xa vimos<sup>55</sup>, a Circular do 12 de decembro de 1767 incluíu os deputados na Xunta de propios e arbitrios. En Santiago, os deputados solicitaron asistir á xunta en 1777, xa que, aínda que pasaran dez anos, aínda non concorreran á mesma. A cidade acordou que se admitisen no futuro<sup>56</sup>.

Verbo dunha temática máis xeral, abordaron desde problemas de beneficencia ata asuntos de policía urbana ou instrución pública.

Así, en 1769, ano de grande fame por mor principalmente da escaseza de colleitas, preocupáronse polos recursos para atender os pobres das casas do hospicio provincial que se trasladaron ó campo de Santa Susana por falta de espacia<sup>57</sup>. Moito máis tarde, en 1788, manifestaron a miseria e indixencia en que estaban os pobres dos hospitais de San Lázaro e Santa Marta<sup>58</sup>.

En temas de urbanismo, os deputados, acompañados dun mestre, recibiron o encargo de recoñece-lo estado dos encanamentos para establece-lo que podería custar-lo seu amaño<sup>59</sup>. Polo que respecta ás rúas da cidade en peor estado, examinaron o custo orzamentado polo mestre López Freire e rebaixárono porque non se necesitaban tantos amaños<sup>60</sup>.

En Consistorio do 5 de novembro de 1788 formularon un recurso para que se lles pagase o debido ós mestres de primeiras letras das escolas públicas<sup>61</sup>.

Trataron de temática máis xeral cando por orde da superioridade participaron co rexemento e xustizas no debate sobre ónde había que coloca-lo arquivo da cidade<sup>62</sup>, ou cando en xuño de 1781 participaron na pescuda dos problemas suscitados entre os conciliarios da confraría de Nosa Señora da Concepción e algúns capitulares e capeláns da Santa Igrexa Catedral<sup>63</sup>. Por último, indicaron, respecto dun foro que se quería conceder, que entendían que era algo, a competencia do cal lle pertencía á Xunta de propios e arbitrios<sup>64</sup>.

Un ano clave para os deputados do común foi 1780, porque nesta data iniciaron un período de reivindicacións que proseguiría toda a década. En concreto, queixáronse de que só se chamaban para a fixación de prezos do viño e da carne e que, se ben debían participar na Xunta de propios e arbitrios desde



1767, non o fixeron ata 10 anos despois. Laiáronse tamén dos problemas co rexedor Bezerra respecto da fixación de prezos do peixe<sup>65</sup>.

Insistiron nunha aclaración respecto do contido das súas competencias<sup>66</sup> e solicitaron fixa-los prezos dos comestibles e que os aprobase o rexedor de mes.

Puxeron de manifesto que, segundo Real cédula do 22 de xuño de 1773, debían ser chamados ás propostas e eleccións de oficios do pobo. En especial, reclamaban a posibilidade de facer propostas de alcaldes e participar na de procurador xeral, xa que en moitos casos os mordomos se deixaban dominar polos rexedores.

Ademais, advertiron cómo se debían ter en conta á hora de intervir na aprobación de compartos, peitos e cargas, así como nas pretensións de estatuto de nobreza e nas concesións de foros.

Por outra parte, manifestaron o feito de que o nomeamento do mordomo de propios e arbitrios lle debía corresponder á Xunta de propios e arbitrios, así como o de todo oficial que recibise soldo dos ditos efectos.

Por último, solicitaron que tódalas reais ordes que fixeran referencia ós deputados do común se colocasen nun mesmo cartafol no arquivo municipal e que se anulasen as resolucións adoptadas no concello, do 29 de agosto de 1772, por non asistir eles.

Ese mesmo ano, o «personero» pediu que se fixasen as facultades dos deputados e que se indicase cándo era preceptiva a súa asistencia ós concellos<sup>67</sup>. Froito disto é a Resolución do Real Consello de Castela, que estableceu que os deputados do común debían concorrer a tódolos concellos referidos á materia de abastos<sup>68</sup> e a real orde que determinou que eran competentes para participar e votar en temas de abastos e bens públicos<sup>69</sup>.

En adiante, a problemática en torno ás súas competencias aparecerá reflectida nas actas dos consistorios con moita insistencia. Deste modo, en 1784 indicaron que non os convocaran para dúas sesións nas que se trataba sobre o sobranse de propios e arbitrios e a rebaixa da extraordinaria contribución<sup>70</sup>. Respondéuselles que se suspendera a cobranza da extraordinaria e que o arbitrio non corría a cargo do concello senón da Administración de rendas provinciais. Encargóuselles que pescudasen se descubrira ou non na extraordinaria contribución<sup>71</sup>.

Sobre este tema fora definitiva a real provisión do Acordo que establecía que os alcaldes no debían de convocar ningún concello sen chamamento ós deputados do común<sup>72</sup>. Aínda ó mes seguinte se seguía pedindo o cumprimento do contido desta real provisión<sup>73</sup>.

c) *Incompatibilidade e condicións do cargo.*

Como indicamos máis arriba, o ser rexedor ou desempeñar outro cargo no concello, o parentesco ata o cuarto grao con algún deles e o ser debedor do pobo constituían os supostos de incompatibilidade da Instrucción do 26 de xuño de 1766 sobre elección de deputados e «personero» do común<sup>74</sup>. Ademais, dispoñíase a obrigatoriedade dun *lapsus* de dous anos desde a última vez que se desempeñara o cargo de deputado ou «personero».

O motivo de exención do elixido en 1786, Manuel Tavanera, foi novidoso, xa que na lexislación non se consideraban como causas de exclusión do cargo o ser menor de 25 anos nin o feito de casar recentemente. Sen embargo, estas circunstancias tiveronse en conta en Santiago e o elixido co maior número de votos conseguiu eximirse e que se nomease o 2º máis votado<sup>75</sup>.

Algúns, se ben aceptaron o cargo, expuxeron as súas moitas ocupacións, e pediron ser dispensados cando lles fose imposible acudir e que se chamase neses casos o seguinte en votos<sup>76</sup>.

En canto ás condicións do cargo, é importante sinalala novidade que supoñía o capítulo 9º da Instrucción de xuño de 1766, ó non distinguir para os cargos entre nobres e plebeos: «No necesita distinción de estados ninguno de estos encargos, porque pueden recaer promiscuamente en los nobles y plebeyos, por ser enteramente dependientes del concepto público»<sup>77</sup>. Isto trouxo como consecuencia que en moitos casos os nobres non quixesen acepta-lo cargo polo desprestixio que iso supoñía.

d) *Asento, dignidades e duración do oficio.*

A Instrucción do 26 de xuño de 1766 estableceu que o asento dos deputados sería «á ambas bandas en el Ayuntamiento despues de los Regidores inmediatamente con preferencia al Procurador Síndico y al Personero»<sup>78</sup>. O concello pretendeu mitigala desvantaxosa posición do procurador xeral no protocolo –á que se refire a instrucción aludida– e así, acordou que este levase o Calvario na procesión de Xoves Santo. Con isto outorgábaselle un papel destacado neste acto e reducíase a subordinación que lle supoñía o asento nos consistorios inmediatamente despois dos rexedores e deputados do común<sup>79</sup>.

Sinalouse, tamén, que podían concorrer a festas e a funcións públicas co resto do concello<sup>80</sup>.

En canto ó tratamento que deben de recibir, a instrucción sinala o principio de igualdade respecto do resto de membros do corpo local<sup>81</sup>. Sen embargo, eran continuas as disputas entre eles respecto do recoñecemento das súas facultades.

Polo que se refire á duración do oficio, en decembro de 1769, o deputado Neira sinalou a súa imposibilidade para prorrogar-

-lo seu cargo un ano máis debido ás tarefas que debía desempeñar en 1770, referidas á súa participación como secretario na venda de bens dos xesuítas que foran expulsados do país. Como outro dos deputados falecera, acordouse manter os outros dous dese ano, e elixir dous novos, co que a reforma na duración do cargo efectuada por Real provisión do 31 de xaneiro de 1769, antes aludida, non presentou ningún problema na cidade<sup>82</sup>.

### **3. Procurador síndico personero.**

#### *a) Instalación e eleccións.*

O Auto acordado do 5 de maio de 1766 creou, así mesmo, a figura do «procurador síndico personero» do público alí onde o oficio de procurador xeral estivese alleado nalgunha familia ou o exercese un rexedor.

A Real cédula do 15 de novembro de 1767<sup>83</sup> modificou esta situación ó establecer que tamén se nomearían «síndicos personeros» cando o procurador xeral o elixise o concello. De aí que, desde 1768, a figura do «personero» do común se xeneralice. López Ferreiro<sup>84</sup> sinala que en Santiago non era necesario elixir un «personero» porque non se cumprían os requisitos que establecía o auto acordado, mencionados máis arriba, xa que o cargo de procurador xeral era anual e resultaba elixido polo pobo. De tódalas maneiras, advirte que se fixo ó aparecer esta real cédula que sinalaba o carácter potestativo da súa elección polos concellos, e optou o de Santiago por seguir as recomendacións do Real Consello.

Discrepo con este autor xa que todo parece indicar que a aparición do novo oficio de «procurador personero» do común é previo á Real cédula do 15 de novembro de 1767. Así, o 13 de abril de 1767 pola xustiza e polo rexemento de Santiago viuse unha carta do Consello de Castela na que se ordenaba que se nomease «procurador personero»<sup>85</sup>. A Carta foi a resposta xurdida ante unha petición do marqués de Santa Cruz, que fora procurador xeral da cidade en 1766, e na que lle pedía ó Real Consello que procedese ó nomeamento do novo cargo porque o procurador xeral se nomeaba en Santiago entre dous nomes dados polo rexemento e sempre recaía o oficio en xente do seu apreio. A cidade opúxose a tal petición e indicou que o cargo non era hereditario e non recaía sempre nos seus amigos e se poñía como exemplo o propio caso do marqués, que tomara posesión por mandato militar e estaba en contra das actuacións do rexemento.



Tras estas tensións, o 5 de xullo de 1767 procedeuse ás eleccións<sup>86</sup>.

É posible que a tan mencionada Real cédula do 15 de novembro de 1767 xurdise a raíz dunha multiplicación de problemas semellantes ós que ocorreron en Santiago.

A nova figura apareceu para paliar a má actuación dos procuradores xerais, que en vez de representa-lo pobo, serviron os intereses da oligarquía dominante no concello, que se correspondía cos rexedores e xustizas<sup>87</sup>. Respecto das eleccións, a normativa aplicada ás mesmas era similar á que se empregaba para a elección dos deputados do común e que xa expliquei.

O 1 de xuño de 1767 acordouse que o alcalde máis antigo «xuntase» as parroquias para elixi-lo «procurador síndico personero» co fin de que puidese acudir ó remate do abasto de carnes<sup>88</sup>. Pretendíase que a elección se efectuase antes deste remate, que tiña lugar a finais de xuño de cada ano, probablemente porque as funcións orixinais do novo cargo se centrarían, ó igual que as dos deputados do común, nos temas de abastos. Malia o interese expresado, ata o 5 de xullo non se realizaron as eleccións. Tiveron lugar no convento de San Agustín, e déuselle posesión, o día 6, ó primeiro «síndico personero» da cidade, D. Andrés Gudín e Guntín<sup>89</sup>.

Tamén aquí, a aristocracia, ó igual que como sinalamos antes respecto da institución dos deputados, pretendeu introduci-los seus membros.

En Santiago houbo problemas co elixido en 1768: Manuel Rodríguez de Carvajal, contador de rendas de tabaco, non tomou posesión porque consideraba que debía consulta-la superioridade sobre se podía exercer-lo cargo<sup>90</sup>. A Dirección de rendas xerais sinalou o 18 de marzo de 1768 que non podían ser deputados nin «personeros» os dependentes de rendas. Acordouse ese mesmo día escribir a Campomanes para determina-los trámites que había que seguir<sup>91</sup>. O 13 de xullo do mesmo ano, o Real Consello sinalou que se lle debía dar posesión ó segundo máis votado, debido á incompatibilidade á que estaba sometido Rodríguez de Carvajal<sup>92</sup>. O seu substituto, Joseph Antonio de Neira, tamén presentou problemas porque estaba ocupado cos bens dos xesuítas expulsados e rexeitou o cargo. En Consistorio do 6 de agosto de 1768 acordouse remitir-lle o caso ó Consello de Castela para que decidise<sup>93</sup>.

#### b) *Competencias.*

As súas atribucións, segundo referimos, centráronse en instar dos poderes municipais todo aquilo que fose conveniente

para o pobo en xeral, e convertéronse nos defensores «do común dos individuos», polo menos en teoría, fronte ó pequeno núcleo de poder<sup>94</sup>.

Os campos de actuación do «síndico personero» foron moi amplos, malia contar –no tema do aumento de competencias– coa oposición dos rexedores. Ante esta situación, os diferentes «síndicos personeros» víanse obrigados a solicita-lo dictame do Real e Supremo Consello de Castela, que sempre se mostrou favorable á ampliación das súas facultades. Se nos comezos, ó igual que os deputados, reflectían e sacaban á luz os problemas no sector dos abastos, e máis tarde se estenderon a propios e arbitrios, pouco a pouco irán abranguendo toda a temática municipal.

En Santiago cumpriuse esta regra xeral, xa que as primeiras actuacións do «personero» se realizaron no campo dos abastos, ó igual que noutros moitos lugares<sup>95</sup>. Ademais da fixación de prezos do viño e da carne, á que se convocou xunto cos deputados do común e alcaldes eclesiásticos, encomendóuselle a tarefa do «recoñecemento do viño», por existir rumores de que o que se vendía era moi malo<sup>96</sup>.

Tamén participou, acabado de elixir, na formación de ordenanzas de 1767, como xa vimos<sup>97</sup>.

As súas actuacións continuaron por este camiño en anos posteriores. En Consistorio de xaneiro de 1769 aprobouse que «mirase si los sincureros hacían acopio de granos»<sup>98</sup>. Cumprindo co encargo, o «personero» sinalou en abril do mesmo ano que non encontrara «sincurero que tuviese acopio de granos»<sup>99</sup>.

Ademais, participou, como xa indicamos, nas representacións feitas ó concello sobre a orde que se debía de observar na fabricación do pan cocido que entregaba o arcebispo e o cabido e nas queixas sobre a neve<sup>100</sup>.

Tamén participou, e así o sinalai, na petición de asistencia ás xuntas de propios e arbitrios<sup>101</sup>, coa que se comezou unha etapa de actuacións en campos moi diversos. Neste sentido, podemos indicar diversas situacións referidas, sobre todo, a temas relacionados coa policía<sup>102</sup>, educación e beneficencia.

En 1777 pediu que se inspeccionasen os encanamentos que traían a auga á cidade porque se atopaban en mal estado e non había auga. Froito da súa actuación, a cidade acordou que os deputados do común e un mestre calculasen o que podía custalo amaño<sup>103</sup>. Non debemos esquecer, neste campo, o seu labor no exame do orzamento sobre arranxo de rúas<sup>104</sup>.

Por outra parte, elevou queixas acerca da situación dun sarxento de eivados que se dedicara a referirlas pousadas por orde

do administrador de correos. Acordouse escribirlle para que sinalase a orde pola que actuaba xa que impedía a quietude do pobo<sup>105</sup>.

En 1783 preocupouse polos «beirís» ou balcóns e manifestou os prexuízos que se producían polo derrubamento dos mesmos, ordenado polo rexedor Cisneros e sen intervención do procurador xeral como estaba fixado nas ordenanzas. Tamén puxo de manifesto os danos ocasionados ós veciños polas intimacións de derrubamento que estes recibían do vedor, e pedía que este comparecese e indicase quen lle dera ordes nese sentido. O rexedor Cisneros sinalou non dar instrucións para tirar beirís<sup>106</sup>.

Ó ano seguinte, foron os postes o obxecto da súa atención. Así, presentou unha petición, xunto cos deputados, para que se derrubasen os que lle causaban prexuízo ó público xa que as ordenanzas o establecían así. Acordouse que o vedor, acompañado de axudantes, procedese en tal sentido<sup>107</sup>.

Participou, tamén, xunto cos deputados, nas pescudas dos problemas que se suscitaron entre os conciliarios da confraría de Nosa Señora da Concepción e algúns capitulares e capeláns da Santa Igrexa Catedral, como xa reflectimos, e elixiuse para que lle expuxese os problemas ó arcebispo co fin de que pacifícase o clero<sup>108</sup>. Ó coidar, no mesmo sentido, da boa marcha dos asuntos relixiosos, presentou queixa, na que sinalaba que na realización de rosarios nocturnos e novenas se producían desordes. Acordou a xustiza e o rexemento que o rexedor Borja de Ulloa xunto co «personero» formulase expediente para evitar estas desordes e se restablecese a devoción nos santos e evita-la ociosidade e a embriaguez<sup>109</sup>.

Por último, puxo de relevo as súas queixas sobre a situación dos pobres dos hospitais de San Lázaro e Santa Marta e o salario dos mestres<sup>110</sup>.

Pero tamén na década dos 70 e 80 xurdiron actuacións nos temas tradicionais de abastos e propios e arbitrios.

En Consistorio do 29 de xaneiro de 1782 discutiuse sobre un memorial presentado polo «síndico personero» no que pedía que se tomasen medidas para «arreglar el repeso de la carne en la cortaduría pública», mellora-la venda na peixería e «el modo de beneficiarse el pescado» e para que as regateiras e revendedoras se mantivesen nos sitios que se lles fixara. Acordouse que un rexedor estudiase as peticións e propuxese o que fose máis adecuado<sup>111</sup>.

Tres anos despois xurdiu un problema no remate da augardente. O «procurador síndico personero» Núñez Espantoso pediu que este remate se fixese dentro da Xunta de propios e ar-



bitrios e non en concello pleno. O rexemento non seguiu a súa petición e acordou segui-lo resolto polo Real Consello en 1763. Para o suposto da carne, este establecera que o remate se faría por concello pleno<sup>112</sup>.

Tamén participou na proposta das regras que se deberían adoptar para adxudicarlle o abasto de carnes ó mellor ofertante, xa vistas máis arriba<sup>113</sup>.

En canto a propios e arbitrios, o «personero» pediu ve-lo libro-cobrador porque entendía que había contas sen pagar<sup>114</sup>.

Por último, os recursos nos que se pediu o recoñecemento das súas competencias ocuparon un lugar destacado na súa actuación. En 1783 obtería do Real Consello o recoñecemento do seu dereito a acudir a tódolos concellos e instar todo o que considerase adecuado sobre abastos e bens públicos<sup>115</sup>. En 1788, nun afán claro por ter un protagonismo absoluto en tódolos campos, chegaría a queixarse, xunto cos deputados, por non ser convocado ó consistorio onde se fixo a proposta de alcalde, como xa vimos<sup>116</sup>.

### *c) Incompatibilidade e condicións do cargo.*

En todo o tema das incompatibilidades e das condicións para exercer-lo cargo son de aplicación as mesmas disposicións que xa expuxen en relación cos deputados do común. Resulta novidosa a problemática concreta sobre presuntas incompatibilidades que xurdiron verbo da nova institución.

Así, aplicando a normativa en canto ó «oco» de dous anos, suspendeuse a posesión de Jacobo de Hermida, elixido como «personero» en 1779, por se-lo ano anterior procurador xeral<sup>117</sup>. Tamén os comerciantes de viño pediron que se utilizase o contido da Instrución do 26 de xuño de 1766 para que Ramón Pérez Santamaría deixase de ser «personero» en 1780, dado que fora deputado do común o ano anterior e non transcorrera o «oco» que legalmente estaba establecido. Pérez Santamarina rexeitou a acusación porque o seu cargo de deputado fora exercido no bienio 1777-1778<sup>118</sup>.

Polo que se refire á incompatibilidade por parentesco, Rafael Miranda foi exonerado do cargo en 1787 ó confirmarse que era cuñado dun rexedor, polo que se chamou o segundo máis votado<sup>119</sup>. Tamén é este o motivo que alegou Juan Manuel Moscoso en Consistorio do 9 de xaneiro de 1772, pero neste caso a cidade indicoulle que dos documentos que constaban en poder da mesma se concluía a inexistencia do parentesco que el aducía<sup>120</sup>.

Tendo en conta a lexislación sobre os administradores de rendas reais<sup>121</sup>, Manuel Rodríguez de Carvajal non foi nome-

ado «personero» en 1768 porque a Dirección de rendas xerais sinalou, aplicando a normativa legal, que un contador principal de rendas de tabaco non podía desempeña-lo cargo<sup>122</sup>. Igual decisión adoptou o Real Consello<sup>123</sup>.

En 1769 recibíuse en Santiago a lei do Supremo Consello, pola que se prohibía que lectores e oíntes da universidade puidesen ser elixidos para o cargo de deputados e «personero»<sup>124</sup>.

Na cidade compostelá o contido desta disposición deu bastante xogo, pois na elección de «personero» de 1775 presentáronse problemas verbo disto. O elixido foi Francisco Núñez de Andrade pero suspendeuse a posesión ata pescudar se, como se cría, era posuidor dunha cátedra de universidade<sup>125</sup>. Dous días despois, Núñez de Andrade pediu que se lle dese posesión, ó alegar que era substituto, pero a cidade indicou que a real orde non distinguía entre catedrático en propiedade ou substitutos e que constaba que Andrade era lector. Por mor deste conflito, o concello santiagués acordou remitirle o tema ó Real Acordo<sup>126</sup>. O 15 do mes seguinte, o rexedor e, ademais, alcalde electo ese ano, Losada, indicou que Núñez de Andrade fora nomeado polo claustro da universidade para exercer como substituto unha cátedra de leis. Decidiuse comunicarlle a situación ó axente na Corte co fin de que se presentase perante o Real Consello<sup>127</sup>. A finais do mesmo mes viuse no concello auto do Real Acordo no que se declaraba a compatibilidade do cargo de «personero» co de substituto de cátedra e se dispoñía que se lle dese posesión a Andrade. Segundo o tribunal, as disposicións sobre incompatibilidades o que non pretendían era privar de suxeitos o ensino e ademais aducía que Andrade era substituto voluntario. O concello acordou representa-lo Real Consello porque entendía que Andrade fora con anterioridade oínte e agora era substituto dese cargo. Entendía –de igual modo– que a normativa era clara ó referirse ós oíntes, oficio que sempre era voluntario<sup>128</sup>. Púxoselle punto final ó problema no momento en o que o Real Consello, última instancia procesual, estableceu que se lle dese posesión ó «personero» Andrade<sup>129</sup>.

#### 4. Conclusións

Todo parece indicar que, inicialmente, a oligarquía municipal de Santiago se preocupou polo alcance que poderían te-las reformas que Carlos III pretendía levar a cabo no ámbito municipal. Isto dedúcese do atraso que sofren as primeiras eleccións de deputados do común, dilatadas todo o posible polos

rexedores da cidade coa escusa da existencia de problemas de interpretación nas novas disposicións. Tamén fiel reflexo desta afirmación é o feito de que o «personero» do común se nomease un ano despois da súa implantación xeral. A desculpa que nesta ocasión formularon os rexedores baseábase en que non era necesaria a nova institución pois en Santiago non se cumprían as premisas que o Auto acordado do 5 de maio de 1766 establecía: que o oficio de procurador xeral estivese alleado ou o exercese un rexedor. Sen embargo, isto non era de todo certo xa que o procurador xeral resultaba elixido entre dous nomes dados polo rexemento. Así o puxo de manifesto perante o Consello de Castela o marqués de Santa Cruz, que formara parte do grupo de oligarcas da cidade pero que tivera fortes disputas cos rexedores.

Unha vez que foi imposible evita-la aparición das novas institucións os rexedores santiagueses pretenderon controla-las eleccións para conseguir que os elixidos fosen individuos do seu aprecio. Parece que o conseguiron, pois se analizamos polo miúdo a lista de deputados do común e «síndicos personeros» comprobamos que a maioría dos elixidos nos primeiros anos foran alcaldes ou procuradores xerais con anterioridade<sup>130</sup>. Ademais, nestes primeiros anos observamos que a actuación das novas institucións non resulta conflictiva, como si o sería posteriormente. Dedicábanse, fundamentalmente, a participar nos remates da carne, asistir á fixación dos prezos dos comestibles e a realizar tarefas por orde do rexemento.

A partir de mediados da década dos 70 a situación comeza a cambiar. Concretamente, a finais de 1776 os deputados do común expuxeron as súas queixas perante o arcebispo debido á petición que os rexedores lle formularon ó prelado acerca do inconveniente que era que o «cobrado» para a elección de alcaldes fose aprobado polos veciños<sup>131</sup>. Obsérvase aquí un claro intento dos deputados do común por evita-lo control absoluto da institución do alcalde por parte da oligarquía dos rexedores. A isto debemos engadirlle o dato de que o «síndico personero» elixido en 1776 fose un comerciante, o que nos indica que algo estaba cambiando. Ademais, os elixidos a partir deste período non figuran, xa, entre os que en anos anteriores desempeñaran os cargos de alcaldes ou procuradores xerais.

Posteriormente, o clima de tranquilidade e bo entendemento que se vivía entre o rexemento e as novas institucións de deputados do común e «síndico personero» vai cambiar, xa dun modo claro. En 1780 os deputados do común queixáronse das súas escasas competencias e puxeron en evidencia que a situación non era nova, senón que os problemas viñan de atrás<sup>132</sup>. É sig-




nificativa a queixa de que ata 1777 non os admitiran na Xunta de propios e arbitrios, cando as disposicións xerais o obrigaban a facer xa desde 1767. Así mesmo, o «síndico personero» tamén mostrará unha postura activa nas peticións que presenta en 1782, xa examinadas<sup>133</sup>. Por último, as queixas nas que se pedía un aumento de competencias, tamén vistas anteriormente, reforzan a tese da belicosidade das novas institucións<sup>134</sup>.

Podemos, pois, indicar, que dunha primeira fase de sometemento á oligarquía municipal, os deputados do común e os «síndicos personeros» pasarán a unha segunda de transición a mediados da década dos 70, para, finalmente, nunha terceira etapa, adoptar unha postura de crítica e oposición a esa oligarquía.

Tema distinto é indicar cáles poden se-las causas deste cambio de actitude. Parécenos un tanto simple a explicación que algúns autores lle dan ó fenómeno ó aducir unha «relaxación» na vixilancia sobre as novas institucións despois duns primeiros anos de forte control e intento de diminuí-las súas atribucións. Máis lóxico, penso, é explica-lo fenómeno como froito dun cambio social<sup>135</sup>.

En conclusión, en Santiago as novas figuras de deputados do común e «síndico personero» parece que serviron para limita-lo peso dominante que a oligarquía municipal exercía na cidade a través fundamentalmente dos rexedores. Pero para isto tiveron que pasar quince anos desde a implantación das reformas.

É claro, pois, que as reformas municipais de Carlos III non supuxeron na cidade do Apóstolo unha transformación no municipio, o cal era imposible sen cambia-la base nin as estruturas, pero si creo que serviron para modificar, en parte, o poder absoluto da oligarquía, ó abrírlle un pequeno campo de actuación ó común dos veciños. 

*Apéndice*

**Relación de Deputados do Común. (Anos 1766-1788)**

- 3 de novembro de 1766:  
Luis Vicente Pereira  
Benito Gil<sup>136</sup>  
Gregorio de Robles  
Juan de Villaverde
- 1 de xaneiro de 1767:  
Juan Moscoso y Llorente  
Pedro García  
Jacobo Vicente Arzeo  
Diego Pereiro
- 1 de xaneiro de 1768:  
Andrés Vicente Piñeiro  
Hurbano de Mendoza  
Andrés de Losada  
Rodrigo Sancho de Leis
- 1 de xaneiro de 1769:  
Manuel Fandiño  
Joseph Antonio de Neira  
Juan Hernández  
Tomás Vaamonde  
Benito Rodríguez<sup>137</sup>
- 1 de xaneiro de 1770:  
Ramón Santa Marina  
Blas Manzanares<sup>138</sup>
- 1 de xaneiro de 1771:  
Diego Pereiro  
Domingo Andrés Domínguez
- 1 de xaneiro de 1772:  
Ramón Durán y Figueroa  
Domingo Antonio del Río
- 1 de xaneiro de 1773:  
Joseph Fontao  
Andrés Pastoriza
- 1 de xaneiro de 1774:  
Domingo Antonio Calvelo<sup>139</sup>  
Joseph Segovia
- 1 de xaneiro de 1775:  
Benito Rodríguez  
Pedro Pérez Santamaría
- 1 de xaneiro de 1776:  
Josef Vázquez Quintela  
Matías Conde
- 1 de xaneiro de 1777:  
Lucas de Barros  
Ramón Pérez Santamarina  
Diego Pereiro<sup>140</sup>
- 1 de xaneiro de 1778:  
Domingo Antonio del Río  
Gonzalo Reguero
- 1 de xaneiro de 1779:  
Fernando Revellón  
Joseph Núñez de Andrade
- 1 de xaneiro de 1780:  
Manuel Núñez Espantoso  
Josef Thomás Quintela
- 1 de xaneiro de 1781:  
Diego Azevedo<sup>141</sup>  
Rafael Miranda
- 1 de xaneiro de 1782:  
Josef Andrés García  
Ramón Regueiro
- 1 de xaneiro de 1783:  
Ramón Pérez Santamarina  
Joseph Sanín
- 1 de xaneiro de 1784:  
Manuel García Pan  
Andrés Yañez
- 1 de xaneiro de 1785:  
Joaquín Bernardo Flórez  
Andrés de Parga<sup>142</sup>
- 1 de xaneiro de 1786:  
Manuel Tavanera  
Simón Torreira  
Ignacio Aguayo<sup>143</sup>
- 1 de xaneiro de 1787:  
Andrés de Turnes  
Joseph Palacios
- 1 de xaneiro de 1788:  
Ramón Pérez Santamarina  
Josef Andrés García

## Relación de «Personeros» do Común. (Anos 1767-1788)

- 6 de xullo de 1767:  
Andrés Gudín e Guntín
- 1 de xaneiro de 1768: —<sup>144</sup>
- 1 de xaneiro de 1769:  
Domingo Antonio del Río
- 1 de xaneiro de 1770:  
Lucas de Barros
- 1 de xaneiro de 1771:  
Domingo Antonio del Río
- 1 de xaneiro de 1772:  
Juan Manuel Moscoso Caamaño  
y Llorente
- 1 de xaneiro de 1773:  
Manuel Calvo
- 1 de xaneiro de 1774:  
Joseph de Leis y Santiyán<sup>145</sup>
- 1 de xaneiro de 1775:  
Francisco Núñez de Andrade
- 1 de xaneiro de 1776:  
Josef López de Segovia
- 1 de xaneiro de 1777:  
Juan López Hernández
- 1 de xaneiro de 1778:  
Juan López Hernández  
Manuel García Pan<sup>146</sup>
- 1 de xaneiro de 1779:  
Josef de Leis<sup>147</sup>
- 1 de xaneiro de 1780:  
Ramón Pérez Santamarina
- 1 de xaneiro de 1781:  
Manuel Fernández de Andrade
- 1 de xaneiro de 1782:  
Ramón Romero Pimentel  
Melchor Goimil<sup>148</sup>
- 1 de xaneiro de 1783:  
Manuel Núñez Espantoso
- 1 de xaneiro de 1784:  
Ramón Varela Lavandeira
- 1 de xaneiro de 1785:  
Manuel Fernández de Andrade
- 1 de xaneiro de 1786:  
Manuel Núñez Espantoso<sup>149</sup>
- 1 de xaneiro de 1787:  
Simón Quintela<sup>150</sup>
- 1 de xaneiro de 1788:  
Manuel Freire



*Notas*

<sup>1</sup> Decreto do 29 de xuño de 1707 de «Derogación de los fueros de Aragón y Valencia; y su reducción a las leyes y gobierno de Castilla», Real decreto, do 28 de novembro de 1715, de «Establecimiento y planta de la Real Audiencia de Mallorca» e Real decreto, do 16 de xaneiro de 1716, de «Establecimiento y nueva planta de la Real Audiencia de Cataluña.»

<sup>2</sup> MONTANOS FERRÍN, E. e SÁNCHEZ-ARCILLA BERNAL, J., *Historia del Derecho y de las Instituciones*, 2º vol, Madrid, 1991, páx. 408-413.

<sup>3</sup> *Novísima Recopilación* (en adiante *Nov.R.*), VII, XVIII, I, publicou a terceira parte do Auto acordado, que era a que creaba os deputados do común e o «síndico personero» do común.

<sup>4</sup> Para isto, tomamos como período de estudio o comprendido entre a aparición das reformas municipais de Carlos III (1766) e a morte deste monarca (1788). A fonte documental que configura o soporte básico do meu traballo constitúeno as actas municipais recollidas nos libros de «consistorios» desta etapa, consultadas no Arquivo Municipal de Santiago de Compostela, e que, tralo seu traslado, se encontran custodiadas no Arquivo Histórico Universitario da citada cidade.

<sup>5</sup> *Nov. R.* VII, XVIII, I, cap. 5º: «...mandamos por regla general, que en todos los pueblos, que lleguen á dos mil vecinos, intervengan con la Justicia y Regidores quatro Diputados, que nombrará el Común por parroquias ó barrios anualmente.»

<sup>6</sup> O profesor Joaquín Cerdá no seu artigo, *Consideraciones sobre el municipio castellano de la Edad Moderna. Juraderías y jurados en Murcia, Toledo y Sevilla*, publicado en «Actas del IV Simposio de Historia de la Administración», Madrid, 1983, páx. 147, encontra a súa orixe nos xurados baixomedievais, que tamén eran elixidos polos veciños. Pola súa parte, o profesor Benjamín González Alonso en, «El régimen municipal y sus reformas en el siglo XVIII», en *Revista de Estudios de Vida Local*, 190, Madrid, 1976, páx. 260-62, pon en dúbida a novidade das institucións aquí estudiadas, xa que encontra similitudes das mesmas con outras anteriores. En concreto, fai referencia ós traballos de Rafael Gibert, *El Concejo de Madrid*, Madrid, 1949, páx. 266 e segs., -quen menciona a un procurador de *pecheros* en Madrid en 1346-, González Jiménez, *El Concejo de Carmona a fines de la Edad Media (1464-1523)*, Sevilla, 1973, páx. 168, -que apunta a existencia dun «personero» en Carmona en 1503- e de L. de la Rosa, *Evolución del régimen local en las Islas Canarias*, Madrid, 1946, páx. 38 - quen sinala a presenza dun «personero» e dous procuradores do común en Canarias en 1494.

<sup>7</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, I, cap. 5º.

<sup>8</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, II, cap. 13º.

<sup>9</sup> Con razón, E. García Monerris en, *La Monarquía absoluta y el municipio borbónico. La reorganización de la oligarquía urbana en el Ayuntamiento de Valencia (1707-1800)*, Madrid, 1991, páxs. 334-35, sinala que é lóxico este aumento competencial debido á relación existente entre abastos e rendas, xa que os tributos máis importantes se cargaban sobre os produtos de consumo diario a través dos arbitrios.

<sup>10</sup> GUILLAMÓN, J., *Las reformas de la Administración local durante el reinado de Carlos III*, Madrid, 1980, páx. 159.

<sup>11</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, nota 1.

<sup>12</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, nota 6.

<sup>13</sup> GUILLAMÓN, J., *Las reformas...*, *op. cit.*, páxs. 214-15.

<sup>14</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, nota 2.

<sup>15</sup> A Real Cédula, do 17 de decembro de 1771 estableceu que os deputados axudasen os rexedores nos alistamentos de quintas. As súas funcións aquí fíxanse en observar que o sorteo sexa limpo, sen irregularidades e con igualdade. (GUILLAMÓN, J., *Las reformas...*, *op. cit.*, páx. 230). Este autor sinala na mesma obra (páxs. 233-34) que os deputados do común viron aumentadas as súas funcións, en moitos casos, debido á falta de asistencia dos rexedores, o que provocaba que, subsidiariamente, ocupasen os seus postos deputados, situación que non puidemos comprobar no caso de Santiago.

<sup>16</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, II, cap. 8º.

<sup>17</sup> GUILLAMÓN, J., *Las reformas...*, *op. cit.*, páx. 35. Fai esta afirmación sobre a base dos cartafoles: 1641/11, 1663/19, 1540/22, 751/36 e 746/18 custodiados na sección de consellos do Archivo Histórico Nacional.

<sup>18</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, III.

<sup>19</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, nota 8. En novembro de 1771 recibíuse carta do Real Acordo na que consideraba os dependentes de rendas da Real Facenda exentos dos cargos de deputados e «personero» (Arquivo Municipal de Santiago, –en adiante AMS–, *Libro de Consistorios*, 07-XI-1771, f. 122). Javier Guillamón en, *Las reformas...*, *op. cit.*, páx. 31-32, indica que o envío desta disposición se debe ó intento do Consello para que nin sequera se chegase a elixir estes individuos para os cargos, pois a Real orde do 5 de febreiro de 1768 o que recollía era a escusa dos elixidos que se encontrasen coa causa de incompatibilidade.

<sup>20</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, nota 10. Previamente, en *Nov. R.*, VII, XVIII, VI, publícase a Resolución do 9 de maio de 1767 que establecía a súa non exención, e así se recibiu a disposición en Santiago (AMS, *Libro de Consistorios*, 20-VII-1767, f. 295).

<sup>21</sup> Viuse en Santiago nun Consistorio de outubro de 1769, (AMS, *Libro de Consistorios*, 06-X-1769, f. 376v).

<sup>22</sup> MARINA BARBA, J., «La reforma municipal de Carlos III en Ciudad Real (1766-1780)», en *Chronica Nova*, 14, Granada, 1984-1985, páx. 254.

<sup>23</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, IV.

<sup>24</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, I.

<sup>25</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 13-VII-1785, ff. 25v-27. JAVIER INFANTE en, *El municipio de Salamanca a finales del Antiguo Régimen*, Salamanca, 1984, páx. 101-102, pon de relevo que en Salamanca os «personeros» foron dous ó substituí-los antigos *sexmeros* e que participaban nunha grande amplitude de temas, ademais da novidade que supoñía o dereito de voto.

<sup>26</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 25-VI-1766, ff. 278-278v.

<sup>27</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 25-VI-1766, ff. 278v-279v.

<sup>28</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 13-VIII-1766, ff. 30-31.

<sup>29</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 13-VIII-1766, ff. 30-31.

<sup>30</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 23-VIII-1766, f. 52v.

<sup>31</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 03-XI-1766, ff. 154-155. Noutros lugares, como en Cidade Real, presentáronse problemas en relación co número de deputados. Nun principio elixíronse só dous, e nomeáronse 12 persoas por cada unha das tres parroquias. Posteriormente se rectificou e introducíronse catro deputados, ó terse xa en conta no padrón veciñal os veciños con poucos recursos económicos e non só os grandes contribuíntes como nun principio. En 1767 tomaron posesión só 3 deputados. Segundo J. Marina Barba no seu artigo, «La reforma municipal de Carlos III en Ciudad Real (1766-1780)», en *Chronica Nova*, 14, Granada, 1984-1985, páx. 256-259, o Consello de Cidade Real fixo unha interpretación propia da institución.

<sup>32</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 17-XI-1766, ff. 187-188.

<sup>33</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 20-XI-1771, ff. 213-13v.

<sup>34</sup> Verbo do tema das eleccións de deputados do común e «síndico personero» remitímonos a *Nov. R.*, VII, XVIII, II, onde se inclúe a Instrucción do 26 de xuño de 1766 que regulamenta todo o referente ás eleccións.

<sup>35</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 03-XI-1766, ff. 154-55. As dez parroquias de Santiago eran as seguintes: Santa María do Sar, San Fins, San Juan, San Miguel, Santa María Salomé, San Andrés, San Benito, Santa María do Camiño, San Frutuoso e Santa Susana.

<sup>36</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 09-X-1766, f. 126.

<sup>37</sup> J. Guillamón señala en, *Las reformas ...*, *op. cit.*, páx. 39-45, que as eleccións estaban prohibidas pero que se facían con frecuencia por quedar casos pendentes do ano anterior ou por medo a que non se rematasen proxectos xa comezados. No Concello de Santiago só se produciu un caso de reelección. Sucedeu con Juan López Hernández, «síndico personero» en 1777, que foi reelixido en 1778, aínda que non puido cumprir todo o seu mandato ó falecer e ser substituído en xullo dese ano. (AMS, *Libro de Consistorios*, 01-I-1778, ff. 605-605v e 28-VII-1778, f. 63).

<sup>38</sup> Así o pon de manifesto P.Ortego Gil para o caso de Sigüenza en, *Organización municipal de Sigüenza a finales del Antiguo Régimen*, Madrid, 1986, páx. 113, ó indicar que tanto nas eleccións de deputados do común como de «síndico personero»os candidatos obsequiaban os votantes, co que estes tiñan en conta o recibido e non a capacidade do elixible.

<sup>39</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, II, Instrucción do 26 de xuño de 1766, cap. 15.

<sup>40</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 09-X-1766, ff. 126-26v.

<sup>41</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 03-XI-1766, ff. 154-55.

<sup>42</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 12-XII-1766, f. 239 e 27-II-1767, f. 83v.

<sup>43</sup> Así, segundo M.D. Rubio en, *Elecciones en el Antiguo Régimen (La reforma municipal de Carlos III en Alicante, 1766-1770)* Alacante, 1989, páx. 106 e segs., en Alacante protestaron polos prezos do aceite e do viño e en xeral pediron a rebaixa nos prezos dos abastos. Tamén manifestaron as súas queixas respecto do desequilibrio nas pesas, controlaron as contas do administrador do depósito, pediron a supresión da venda de carne de ovella pola súa mala calidade e controlaron os gastos. Como pon de relevo M. Bustos en, «*La representación popular en el ayuntamiento gaditano del siglo XVIII: el primer procurador síndico personero y los primeros diputados del común*», en «*Gades*» (*Revista del Colegio Universitario de Filosofía y Letras de Cádiz*), 7, Cádiz, 1981, páx. 96-101, en Cádiz preocupáronse pola dotación económica dos carniceros e tamén por toda a temática de prezos e impostos e dereitos sobre os abastos.

<sup>44</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 06-VII-1767, f. 271. En 1770 os deputados e mailo «personero» estableceron os prezos dalgúns productos (aceite, manteiga, garavanzos, pasas, figos, vinagre e touciño). Publicouse bando no taboleiro do concello para darlles publicidade a estes prezos. (AMS, *Libro de Consistorios*, 05-V-1770, f. 247).

<sup>45</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 03-XI-1767, ff. 415-15v.

<sup>46</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 20-I-1769, f. 25-25v.

<sup>47</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 25-IV-1770, f. 241.

<sup>48</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 20-I-1769, f. 26.

<sup>49</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 15-II-1769, f. 54.

<sup>50</sup> Así, o día 22 de maio de 1771 levouse a cabo primeiro unha reunión en que se tratou do viño, dos forneiros, da fábrica dunha ponte para transporte de viño desde o Ulla, en que estiveron presentes os deputados do común. Máis tarde realizouse outra sobre o resto de temas, á que xa non asis-



tiron. (AMS, *Libro de Consistorios*, 22-V-1771, ff. 368-70). Isto non se correspondía co establecido na lexislación xeral –en concreto coa *Nov. R.*, VII, XVIII, II, cap. 14– que indicaba que non estaban obrigados a saír do concello ó que asistían aínda que se tratasen outras materias.

<sup>51</sup> En 1778 queixáronse do abasto da mesma porque o único que corría coa venda o facía con pesos irregulares e o produto era de má qualidade, non habendo abasto nese momento. O concello acordou darlles testemuño ós deputados e «personero» para que iniciasen accións nos tribunais contra o abastecedor, e ordenou que se colocase persoa capaz no seu lugar. (AMS, *Libro de Consistorios*, 16-XII-1778, ff. 250v-51).

<sup>52</sup> Solicitaban que o abasto fose libre –suprimindo o único obrigado– e se admitisen poxas por bancos baixo catro condicións: 1º) Admitiríase a poxa a quen quixese poñer un só banco. 2º) Só se matarían bois gordos. 3º) As cabezas e miúdos venderíanse por separado e rebaixados. 4º) Se non houberse refugallos daríanse coa carne. Propuxeron que se eliminase a matanza de vacas por ser prexudicial para o público, dado que a vaca era inútil para o abasto, e poñían como exemplo o feito de que a pesar de que se matasen en decembro do ano anterior 84 reses menos que en agosto último, houberse máis refugallos. Tamén sinalaron que isto favorecía o aumento de sebos, que era escaso nos últimos anos. Pediron que se vendesen os refugallos separados da carne limpa e a baixo prezo. Deste modo, mataríanse boas reses, xa que, o obrigado sacaba máis ganancia canta máis carne má vendese porque os refugallos e a carne limpa se vendían ó mesmo prezo e polos primeiros non se pagaban dereitos. (AMS, *Libro de Consistorios*, xaneiro-maio de 1787, ff. 293-94v).

<sup>53</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 22-V-1787, f. 320. Non parece que as propostas fosen un éxito xa que na poxa dese ano para o ramo de carnes non se presentou ninguén nun primeiro momento. Posteriormente só se presentaría poxa para o carneiro. Para arranxa-lo tema acordouse experimentar a cómo podía saí-la libra de carne limpa e a de miúdos e adiantar 6.500 reais como empréstito por cada banco. Finalmente se conseguiría asentista para ese ano, se ben, un mes despois do establecido. (AMS, *Libro de Consistorios*, 15-VI-1787, ff. 41-41v, 27-VI-1787, ff. 75-76, 3-VII-1787, ff. 121-21v e 17-VII-1787, ff. 147-49).

<sup>54</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 27-II-1767, f. 84. A resolución de Múzquiz que se menciona é de xaneiro dese mesmo ano.

<sup>55</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, nota 1.

<sup>56</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 04-XII-1777, f. 588. Parece que o motivo da ausencia dos deputados do común na Xunta de propios e arbitrios se debeu a unha falta de interese dos rexedores por cumprilas disposicións xerais que así o establecían. Sen dúbida, eran conscientes de que a presenza dos deputados do común podía vir a limita-lo seu poder nun campo tan importante como era o económico.

<sup>57</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 14-VIII-1769, ff. 320v-21. Unha semana máis tarde, pediron que os individuos estranxeiros que recobrase a saúde abandonasen a cidade, ó remiti-la fame por recollerse a nova colleita. (AMS, *Libro de Consistorios*, 21-VIII-1769, f. 322).

<sup>58</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 05-XI-1788, f. 218-18v.

<sup>59</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 24-X-1777, ff. 526v-27.

<sup>60</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 03-IV-1778, f. 154v e 14-IV-1778 f. 223.

<sup>61</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 05-XI-1788, f. 218.

<sup>62</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 21-IX-1768, ff. 91v-94.

<sup>63</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 29-V-1781, ff. 252-52v.

<sup>64</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 13-VII-1785, ff. 25v-27.

<sup>65</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, xuño-decembro 1780, ff. 135-36v.

<sup>66</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, xuño-decembro 1780, ff. 137-140.

<sup>67</sup> Así o pon de manifesto Guillamón ó presenta-lo título do cartafol 1803, expediente 3º do Arquivo Histórico Nacional. (GUILLAMÓN, J., *Las reformas...*, *op. cit.*, páx. 424).

<sup>68</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 24-IV-1783, f. 339.

<sup>69</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 17-V-1783, f. 51v-52.

<sup>70</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 22-I-1784, ff. 36v-37.

<sup>71</sup> Nesta mesma liña, o deputado Andrés de Parga pediu que os convocasen para a designación do porteiro, porque así estaba establecido pero non se fixera (AMS, *Libro de Consistorios*, 10-VII-1786, f. 350v). A mesma petición presentaron por non convocalos para as propostas de alcalde (AMS, *Libro de Consistorios*, 02-XII-1788, ff. 239v-40). Neste caso, a resposta da xustiza e mailo rexemento foi que a proposta do alcalde non era privativa deles, xa que tamén participaban os veciños.

<sup>72</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 03-X-1788, ff. 166v-67.

<sup>73</sup> AMS *Libro de Consistorios*, 16-XII-1788, ff. 251v-52.

<sup>74</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, II, cap. 8º.

<sup>75</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 10-I-1786, f. 19.

<sup>76</sup> É o caso de Fernando Rebellón, administrador de rendas do Marqués de Montaos (AMS, *Libro de Consistorios*, 12-I-1779, ff. 13-13v).

<sup>77</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, II, cap. 9º. Tamén é importante neste sentido a Real cédula do 18 de marzo de 1783, que permitía que estes cargos os desempeñasen profesionais de oficios mecánicos como curtidores, ferreiros e xastres.

<sup>78</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, II, cap. 10º. A preferencia dos deputados xustifica Guillamón debido á posibilidade que teñen estes de votar nalgúns asuntos, o que non se lle permite nin ó procurador xeral nin ó «síndico personero». (GUILLAMÓN, J., *Las reformas...*, *op. cit.*, páx. 92-94).

<sup>79</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 04-IV-1767, ff. 95-95v. Anteriormente se sorteaba a persoa que debía levar este obxecto relixioso entre os rexedores.

<sup>80</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, II, cap. 11º.

<sup>81</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, II, cap. 12º: «El tratamiento así dentro del Ayuntamiento como fuera de él, quando esten en Cuerpo de comunidad estos individuos, será del todo uniforme al de los demas concejales...».

<sup>82</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 23-XII-1769, ff. 357v-58.

<sup>83</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, III: «... que no solo quando está perpetuado el oficio de «Procurador Síndico» del común procede la eleccion de Procurador Síndico Personero, sino también quando le elige y propone el Ayuntamiento.»

<sup>84</sup> LÓPEZ FERREIRO, A., *Fueros municipales de Santiago y su tierra*, 2º tomo, Santiago de Compostela, 1895, páx. 215.

<sup>85</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 13-IV-1767, ff. 104-105.

<sup>86</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 06-VII-1767, ff. 262-62v. Segundo J. Marina Barba en, «La reforma municipal de Carlos III, en Ciudad Real (1766-1780)», en *Chronica Nova*, 14, Granada, 1984-1985, páx. 257-259, en Cidade Real tampouco se elixiu «procurador síndico personero» desde o coñecemento do auto acordado porque o procurador xeral o elixía o concello. O primeiro «procurador personero» non apareceu ata 1768 por unha orde do Consello de Castela, que, sen dúbida, tivo presente a Real cédula do 15 de novembro de 1767.

<sup>87</sup> Respecto da novidade do cargo, E. GARCIA MONERRIS en, *La Monarquía absoluta...*, *op. cit.*, páx. 328, fala dos *sexmeros* de Salamanca e do contido de Partidas, 3, V, 1, -onde se menciona un «personero»- para critica-la idea da

novidade da figura. Considero que se debe matizar a afirmación da autora xa que a institución que se recolle en Partidas III, V, I, non ten nada que ver co «personero» que aquí tratamos, pois defínese como «aquele que recabda ó face algunos pleytos ó cosas ajenas por mandado del dueño dellas, et ha nombre personero porque parece, ó está en juicio ó fuera dél en lugar de la persona de otri» (Partidas, III, V, I). A mesma disposición fixa claramente que estamos en presenza dunha figura de representación: «... et porque las mas vegadas el demandador ó el demandado non pueden ó non quieren por sí mismos venir á seguir sus pleytos ante los judgadores... ha meester que pongan otros en sus logares por personeros que les ayuden et los sigan» (Partidas, III, V).

<sup>88</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 01-VI-1767, f. 193v.

<sup>89</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 06-VII-1767, ff. 262-62v.

<sup>90</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 01-I-1768, ff. 569-71.

<sup>91</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 18-III-1768, ff. 211-11v.

<sup>92</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 13-VII-1768, ff. 32v-33.

<sup>93</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 06-VIII-1768, ff. 51-51v.

<sup>94</sup> Así o ve Guillamón, quen pon de relevo que «su función se dirijía a proponer, pedir y procurar los adelantamientos, alivios y ventajas mediatos o inmediatos al Común». (GUILLAMÓN, J., *Las reformas de la Administración local...*, op. cit., páx. 254).

<sup>95</sup> Como, por exemplo, en Alacante onde o «personero» se queixou da escaseza de que os rexedores non se preocupasen polo tema. Así o advirte M.D. Rubio en, *Elecciones...*, op. cit., páx. 109-110.

<sup>96</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 03-XI-1767, ff. 415-15v.

<sup>97</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 20-I-1769, f. 25-25v.

<sup>98</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 20-I-1769, ff. 25-25v.

<sup>99</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 14-IV-1769, f. 104v. Estes encargos debéronse á crise de grans dese ano, que provocou unha grande mortalidade.

<sup>100</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 20-I-1769, f. 26 e 16-XII-1778, ff. 250v-51, respectivamente.

<sup>101</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 04-XII-1777, f. 588.

<sup>102</sup> Esta é para Guillamón a actividade máis importante do «personero». En concreto, todo o referido a obras públicas, limpeza, ornato e seguridade de edificios, como pon de relevo en, *Campomanes y las reformas de la Administración local: Diputados y personeros del común*, en *Cuadernos de Investigación Histórica*, 1, Madrid, 1977, páx. 132.

<sup>103</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 24-X-1777, ff. 526v-27.

<sup>104</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 03-IV-1778, f. 154v y 14-IV-1778, f. 223.

<sup>105</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 07-VI-1769, ff. 298v-99.

<sup>106</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 25-IX-1783, ff. 302-302v.

<sup>107</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 1-IV-1784, f. 190.

<sup>108</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 29-V-1781, ff. 252-52v.

<sup>109</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 21-VI-1783, f. 125.

<sup>110</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 05-XI-1788, ff. 218-18v e 05-XI-1788, f. 218 respectivamente.

<sup>111</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 29-I-1782, ff. 58-58v.

<sup>112</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 14-V-1785, ff. 228-29.

<sup>113</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, xaneiro-maio 1787, ff. 293-94v.

<sup>114</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 18-VI-1779, f. 330v.



<sup>115</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 17-V-1783, f. 51v-52.

<sup>116</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 02-XI-1788, ff. 239v-40.

<sup>117</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 01-I-1779, ff. 286-86v.

<sup>118</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 08-VIII-1780, f. 152.

<sup>119</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 17-I-1787, ff.33-33v.

<sup>120</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 09-I-1772, f. 14.

<sup>121</sup> *Nov. R.*, VII, XVIII, nota 8, que publica a Real orde do 5 de febreiro de 1768.

<sup>122</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 18-III-1768, ff.211-11v.

<sup>123</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 13-VII-1768, ff. 32v-33.

<sup>124</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 06-X-1769, f. 376v.

<sup>125</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 01-I-1775, ff. 585-85v.

<sup>126</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 03-I-1775, ff. 14-14v.

<sup>127</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 15-II-1775, f. 64.

<sup>128</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 23-II-1775, f. 81-82.

<sup>129</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 26-V-1775, f. 199. O conflito tamén o pon de manifesto Guillamón en, *Las reformas...*, *op. cit.*, páx. 35, quen o seguiu a través do expediente do Real Consejo de Castela no Arquivo Histórico Nacional, sección *Consellos*, cartafol 621/1.

<sup>130</sup> É o caso de Domingo Antonio del Río –alcalde en 1774–, Juan Manuel Moscoso –procurador xeral en 1768 e alcalde en 1769–, Benito Gil –procurador xeral en 1770 e en 1775– ou Luis Vicente Pereira –alcalde en 1776–, entre outros. Recordemos que os alcaldes eran elixidos polo arcebispo dunha lista ou «cobrado» que a cidade lle presentaba a comezos de cada ano e que redactaban os rexedores. Para o cargo de procurador xeral o control daqueles tamén parece evidente xa que as posibilidades de elección que se lles concedían ós mordomos das parroquias eran mínimas ó ter que elixir entre dous candidatos presentados polo concello.

<sup>131</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 2-XII-1776, f. 269.

<sup>132</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, xuño-décembro 1780, ff. 135-136v.

<sup>133</sup> AMS, *Libro de Consistorios*, 29-I-1782, ff. 58-58v.

<sup>134</sup> A actitude que os rexedores composteláns adoptaron ante esta nova situación pona de manifesto J. Guillamón en, *Las reformas...*, *op. cit.*, páx. 205-206. Indica –tomando como base o cartafol 1803/3 da sección «Consellos» do Arquivo Histórico Nacional– cómo os rexedores pretendían alonga-los conflitos cos deputados do común facéndoos contenciosos e remitíndolles ás audiencias ou ás chancelerías. Deste modo esperaban que se producise a substitución dos deputados belicosos por outros novos tralas eleccións. O alongamento do proceso e o cesamento no cargo producían o abandono da causa por parte dos deputados do común.

<sup>135</sup> Esta é a hipótese que me parece máis acertada a falta de datos máis concluíntes que espero poder reflectir no desenvolvemento da miña tese de doutoramento.

<sup>136</sup> Non tomou posesión ata o día 24. (AMS, *Libro de Consistorios*, 24-XI-1766, ff. 192-92v).

<sup>137</sup> Substituíu o 23 de novembro de 1769 a Tomás Vaamonde por defunción deste. (AMS, *Libro de Consistorios*, 23-XI-1769, ff. 23v-24).

<sup>138</sup> O 23 de decembro de 1769 acordouse que seguisen por un ano máis Fandiño e Hernández para cumpri-la resolución do Consello que aumentaba a duración do cargo a dous anos. (AMS, *Libro de Consistorios*, 23-XII-1769, ff. 357v-58).

<sup>139</sup> Sorprendentemente nos libros de consistorios non figura a toma de posesión dos deputados do común de 1774. Os nomes dos elixidos ese ano localizámoslos gracias á súa intervención no consistorio no que se discutiu sobre o reintegro das cantidades que o conde de S. Juan lle debía ó fondo de propios. (AMS, *Libro de Consistorios*, 31-IX-1774, f. 469).

<sup>140</sup> Tomou posesión o 30 de abril de 1777 por morte de Lucas de Barros. (AMS, *Libro de Consistorios*, 30-IV-1777, f. 186v).

<sup>141</sup> Tomou posesión o 8 de xaneiro. (AMS, *Libro de Consistorios*, 08-I-1781, f. 2).

<sup>142</sup> Tomou posesión o día 22. (AMS, *Libro de Consistorios*, 22-I-1785, f. 81v).

<sup>143</sup> Tomou posesión o día 14 de xaneiro porque se eximiu a Manuel Tavanera. (AMS, *Libro de Consistorios*, 14-I-1786, ff. 25-25v).

<sup>144</sup> O elixido con máis votos foi Manuel Rodríguez de Carvajal pero non tomou posesión por incorrer en causa de incompatibilidade. O 6 de agosto de 1768 acordouse nomear a Joseph Antonio de Neira, 2º en votos, pero tampouco este tomará posesión do cargo. (AMS, *Libro de Consistorios*, 01-I-1768, ff. 569-71, 18-III-1768, ff. 211-11v, 06-VIII-1768, ff. 51-51v).

<sup>145</sup> Toma posesión o día 7 de xaneiro. (AMS, *Libro de Consistorios*, 07-I-1774, ff. 22-22v).

<sup>146</sup> Toma posesión o 28 de xullo de 1778 por morte do anterior. (AMS, *Libro de Consistorios*, 28-VII-1778, f. 63).

<sup>147</sup> Tomou posesión o día 11 de xaneiro. Foi o 2º máis votado porque o 1º, Jacobo de Hermida, non puido tomar posesión por se-lo ano anterior procurador xeral. (AMS, *Libro de Consistorios*, 01-I-1779, ff. 286-86v, 03-I-1779, ff. 3-3v, 11-I-1779, ff. 12-12v).

<sup>148</sup> Tomou posesión o 15 de marzo de 1782 por morte de Ramón Romero. (AMS, *Libro de Consistorios*, 15-III-1782, ff. 196-96v).

<sup>149</sup> Tomou posesión o día 2 de xaneiro. (AMS, *Libro de Consistorios*, 02-I-1786, ff. 5-5v).

<sup>150</sup> Tomou posesión o 26 de febreiro por exonerar a Rafael Miranda. (AMS, *Libro de Consistorios*, 17-I-1787, ff. 33-33v, 26-II-1787, ff. 115-15v).